



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

Acta nº 8

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER 1 PRAZA FUNCIONARIAL DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, POR QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014-2015-2016 CELEBRADA O DÍA 01 DE MARZO DE 2019.

Sendo as 10,30 horas do día 01 de marzo de 2019, reúnense os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias da Xefatura da Policía Local de Vigo, acadando o quórum suficiente de constitución (base xeral 8.4.1):

- D. Francisco Martínez Muñoz**, na condición de Presidente titular do Tribunal.
- D. José Bouzas Novas**, na condición de Vocal titular 1º.
- D. Francisco José Vila Campos**, na condición de Vocal titular 2º.
- D. Teodoro de la Peña Costas**, na condición de suplente do vocal titular 3º.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

Procédese pola Secretaria do órgano de selección a informar ao Tribunal que con data 28/02/2019 personouse na Xefatura de Seguridade a aspirante Dona María Álvarez Pena manifestando que “o exame que se lle mostrou en data 28/01/2019 non é o seu”. Vista a comparecencia da Sra. Álvarez, a Secretaria requeriu a presenza no seu despacho do aspirante Sr. Toucedo, que foi localizado pola emisora da policía pois atopábase de servizo. A Secretaria informa ao Tribunal, que ante dita chamada o Sr. Toucedo personouse no seu despacho o pasado 28/01/2019, sito na áea de mobilidade, donde xunto coa aspirante Sra. Álvarez asinou un escrito conxunto, tras cotexar perante a secretaria ámbolos dous exámenes. Asemade, a Secretaria mostra aos membros do órgano de selección o escrito asinado en data 28/02/2019 pola Sra. Álvarez e polo aspirante Sr. Toucedo, onde manifestan, previo cotexo dos seus exames, que están cambiados.

Existen dous exames co código de identificación nº 19, un da Sra. Álvarez e o outro do Sr. Toucedo. Na 1ª corrección do test o Tribunal asignou, sen darse conta de que existían dous códigos identificatorios nº 19, o exercicio que daba como resposta correcta a opción (B) á pregunta nº 4 á aspirante Dona María Álvarez Pena. Asemade, pola contra, asignou o exercicio que daba como resposta correcta a opción (D) á pregunta nº 4 á aspirante Don Enrique Toucedo Garrido.

Vista a declaración realizada perante a Secretaria polos dous aspirantes en data 28/02/2019, o Tribunal adopta o seguinte acordo:

1.- Anular a fase de alegacións ao exercicio test, tendo por non presentados os documentos números 190013630, 190015310 e 190015107 por canto a Sra. Álvarez non puido alegar ao seu exame senón ao realizado por Don Enrique Toucedo.

2.- Asignar a Sra. Álvarez e ao Sr. Toucedo os seus exames respectivamente vista a comparecencia realizada perante a secretaria en data 28/02/2019. Se asigna a Dona María Álvarez Pena o exercicio que daba como resposta correcta a opción (D) á pregunta nº 4, exercicio que foi cualificado na primeira corrección con 3,66 puntos. Se asigna a Don Enrique Toucedo Garrido o exercicio que daba como resposta correcta a opción (B) á pregunta nº 4, exercicio que foi cualificado na primeira corrección con 4,445 puntos.

3.- Retrotraer o proceso selectivo, abrindo nova prazo de alegacións ao exame test (1º exercicio) para todos os aspirantes, prazo que terá unha duración de dez días naturais, contados desde os seguinte ao da presente publicación.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

O Tribunal acorda volver a reunirse o vindeiro 15/03/2019, ás 10:00 h.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 12.00 horas, levantándose acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sr. Presidente.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

IX ACTA

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER 1 PRAZA FUNCIONARIAL DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, POR QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014-2015-2016 CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2019.

Sendo as 10,00 horas do día 15 de marzo de 2019, reúnense os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias da Xefatura da Policía Local de Vigo, acadando o quórum suficiente de constitución (base xeral 8.4.1), co obxecto de proceder á resolución das distintas alegacións presentadas contra a realización do primeiro exercicio da oposición (exame tipo test), alegacións presentadas durante o novo prazo outorgado tendo sido retrotraído o procedemento segundo se acordou na sesión de 1 de marzo de 2019:

Asisten:

- D. Francisco Martínez Muñoz**, na condición de Presidente titular do Tribunal.
- D. José Bouzas Novas**, na condición de Vocal titular 1º.
- D. Francisco José Vila Campos**, na condición de Vocal titular 2º.
- D. Teodoro de la Peña Costas**, na condición de suplente do vocal titular 3º.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

Procédese, polo órgano de selección, ao estudo e deliberación dos seguintes puntos a tratar, adoptándose os acordos que mais adiante figurarán reflectidos, de maneira correlativa, na presente Acta.

Dáse conta pola Secretaria deste órgano colexiado da relación das alegacións que lle foron remitidas polo Departamento de Recursos Humanos, e nas que se cuestiona a corrección do primeiro exercicio da oposición (exame test):

- Alegación presentada o día 04.03.2019 por **D. Jorge Enrique Comesaña Rosende** (documento nº 190032142), impugnando as preguntas números 20, 88, 89, 90, 91, 92, 103, 124, 125, 126, 127 e 128.
- Alegación presentada o día 11.03.2019 por **Enrique Toucedo Garrido** (documento nº 190035230), impugnando as preguntas números 17, 28, 30, 36, 64, 89, 91, 98, 114, 118, 119, 125, 126, 127 y 128.
- Alegación presentada o día 11.03.2019 por **D. José Rodríguez Sánchez** (documento nº 190035729), impugnando as preguntas números 88, 90, 91, 92, 4, 5, 15, 37, 45, 51, 55, 70, 71, 85, 100, 125, 126, 127 e 128. Asemade, alega que existen coincidencia das pegatinas identificativas en dous exámenes.

Seguidamente, procédese polos membros do órgano de selección a unha análise e estudo pormenorizado das distintas preguntas impugnadas, adoptándose por este órgano colexiado, de forma unánime, a decisión motivada que respectivamente se incorporará, de seguido, para cada unha das preguntas impugnadas:

1) Alegación presentada o día 04.03.2019 por D. Jorge Enrique Comesaña Rosende (documento nº 190032142), impugnando as preguntas números 20, 88, 89, 90, 91, 92, 103, 124, 125, 126, 127 e 128.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

Pregunta 20.- O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr. Comesaña. Manter a validez da pregunta, pero reputando como resposta válida susceptible de ser valorada a opción B).

Explicación: Vid. Artigo 556.2 Código Penal.

Pregunta 88.- O texto do enunciado da pregunta 88 e mailas respostas ofrecidas no exame non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 88 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a B).

A problemática suscitada nesta pregunta, así como nas preguntas núms. 89, 90, 91 e 92, non evidencia, propiamente, un erro na súa formulación (que está lóxica e perfectamente realizada), nin tampouco un erro na validez das catro respostas ofrecidas tal que puidese impedir, aos aspirantes, decantarse por ningunha desas respostas alternativas imposibilitándolles a exteriorización dunha cabal contestación. O problema detectado trae exclusiva causa na corrección.

O órgano de selección en vez de optar pola opción máis radical -anulación da pregunta- opta por manter a súa validez pero modificando a plantilla de corrección.

Pregunta 89.- O texto do enunciado da pregunta 89 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 89 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a D).

Pregunta 90.- O texto do enunciado da pregunta 90 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 90 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a A).

Pregunta 91.- O texto do enunciado da pregunta 91 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 91 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a B).



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

Pregunta 92.- O texto do enunciado da pregunta 92 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 92 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a D).

Pregunta 103.- Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

“Según el art 147.1 del Código Penal. ¿ cual es la respuesta correcta sobre el delito de lesiones?”

- a) el que causare a la víctima una lesión que menoscabe su integridad corporal.*
- b) el que causare a la víctima una lesión que menoscabe su salud mental.*
- c) A) y B) son correctas*
- d) A) y B) son falsas.”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr. Comesaña. Manter a validez da pregunta e reputar como válida a resposta D).

Explicación: Segundo establece o art. 147.1 do Código Penal, a simple lesión que menoscabe a integridade corporal ou a saúde mental non son suficientes para a aplicación do art. 147.1, sendo condición indispensable recibir tratamento médico ou quirúrxico, senón estaríamos ante o delito do art. 147.2.

Pregunta 124.- Contíña o seguinte enunciado:

“¿En que norma se regula las comisiones bilaterales de Cooperación entre el Estado y las Comunidades Autónomas?...”

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr. Comesaña. Reputar como válida a pregunta e dar como resposta correcta D).

Explicación: Trátase da Lei 40/2015, non da Lei 4/2015.

Pregunta 125.- O texto do enunciado da pregunta 125 e mailas respostas ofrecidas no exame non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 125 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

Pregunta 126.- O texto do enunciado da pregunta 126 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 126 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

Pregunta 127.- O texto do enunciado da pregunta 127 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 127 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a D).

Pregunta 128.- O texto do enunciado da pregunta 128 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 128 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

2) Alegación presentada o día 11.03.2019 por D. Enrique Toucedo Garrido (documento nº 190035230), impugnando as preguntas números 17, 28, 30, 36, 64, 89, 91, 98, 114, 118, 119, 125, 126, 127 y 128.

Pregunta 17.- Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

“¿En que artículo y ley viene recogida la prestación de auxilio en los casos de accidentes, catástrofe o calamidad pública, participando, en la forma prevista en las leyes, en cuanto a la ejecución de los planes de protección civil?:

- a) La ley 4/2007, de Coordinación de Policías Locales, artículo 7
- b) La ley 4/2007, de Coordinación de Policías Locales, artículo 8
- c) La ley 5/2007, de Emergencias de Galicia, artículo 7
- d) La ley 5/2007, de Emergencias de Galicia, artículo 8”.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B) (“La ley 4/2007, de Coordinación de Policías Locales, artículo 8”).

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo, mantendo a validez da pregunta e dar reputada como resposta correcta a opción D).

Explicación: O art 8 da Lei 4/2007, de Coordinación de Policías Locais de Galicia, regula as funcións dos corpos da policía local, regulando no apartado f) do devandito artigo, a prestación de auxilio en casos de accidentes, catástrofes ou calamidade pública. A Lei 4/2007 regula a prestación de auxilio tan só para o caso de que sexa realizado polo corpo da policía local, non obstante, tal e



CONCELLO DE VIGO

AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

como manifesta o Sr. Toucedo, o enunciado da pregunta nº 17 do exame, non establece que o suxeito prestador do auxilio sexa soamente a policía local, puidendo ser calquera persoa, independentemente da súa condición. De ser así, o enunciado da pregunta debía terse referido ao corpo da policía local expresamente. Por ese motivo, a resposta válida é a opción D) , “la ley 5/2007, de Emergencias de Galicia, artículo 8”.

Faise constar na presente acta que D. Teodoro de la Peña Costas, na condición de suplente do vocal titular 3º deste Tribunal, non comparte o criterio do resto do Tribunal con voz e voto, por canto considera que a opción correcta debe ser a opción B).

Pregunta 28.- Contínha o seguinte enunciado e respostas alternativas:

“La Constitución Española entró en vigor según establece su disposición final:

- a) a los 20 días de su publicación
- b) el mismo día de su publicación
- c) al día siguiente de su publicación
- d) el 29 de diciembre de 1978”.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B) (“el mismo día de su publicación”).

D. Teodoro de la Peña Costas, na condición de suplente do vocal titular 3º deste Tribunal, expón que o enunciado da pregunta fai alusión expresa ao tenor literal da disposición final da CE, que literalmete di “ *el mismo día de su publicación*”. Manifesta o Sr. de la Peña que non se pregunta cando entrou en vigor a CE senón cando entrou en vigor segundo a disposición final da CE, polo que a resposta correcta tan só pode ser a opción B). Tras unha longa deliberación o Tribunal, por unanimidade dos seus membros con voz e voto, acorda reputar como resposta correcta tan só a opción B).

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo e manter a validez da pregunta e reputar como resposta correcta a opción B).

Pregunta 30.- A pregunta ten o seguinte enunciado: *“La regulación singular de las grandes ciudades se aplicará a:*

- a) Los municipios que superen 250.000 habitantes.
- b) Los municipios capitales de provincia cuando superen 200.000 habitantes.
- c) Los municipios capitales autonómicas cuando superen 175.000 habitantes.
- d) Todas son correctas.”

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo, manter a validez da pregunta e dar reputada como correcta a opción (D).

Explicación: Os casos contemplados nas opcións A, B e C das respostas atópanse incluídos no art. 121 da LRBRL 7/1985, sendo beneficiarios da regulación singular das grandes cidades.

Pregunta 36.- A pregunta ten o seguinte enunciado: *“Según el art. 510.4 del Código Penal, ¿cuando podrá elevarse la pena hasta la superior en grado en los delitos discriminatorios?”.*



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción A).

D. Teodoro de la Peña Costas, na condición de suplente do vocal titular 3º deste Tribunal, expón que o enunciado da pregunta fai alusión expresa ao tenor literal do art 510.4 do C.Penal, que a resposta ofrecida no exame test (opción A) utiliza a palabra sufrimento, en vez de empregar a palabra sentimento, segundo establece o art. 510.4 do C. Penal, e considera que sufrimento e sentimento son palabras con significados ben distintos. Débese estar á literalidade do texto da pregunta, tal e como se fixo na pregunta nº 28. Tras unha longa deliberación o Tribunal, por unanimidade dos seus membros con voz e voto, acorda que ningunha das catro posibles opcións ofrecidas como respostas pode ser válida, polo que procede a declarar nula a pregunta e sustituíla pola pregunta de reserva nº 123, seguindo un orden na entrada das preguntas de reserva, por canto as preguntas números 121 e 122 das de reserva xa tiñan entrado no corpo do exame.

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr.Toucedo, anulando a pregunta nº 36 do exame e sustituíla pola pregunta nº 123 das de reserva , sendo a resposta correcta 123.B).

Pregunta 64.- Contínha o seguinte enunciado: “ A efectos de la Ley de Comercio Interior de Galicia 13/2010 que se entien de por centro de fabricantes o outlet ...”.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D) “*todas son correctas*”.

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo, mantendo a validez da pregunta nº 64, pero reputando como resposta válida susceptible de ser valorada a A). O vocal D. Teodoro de la Peña Costas considera que son correctas as opcións A) e B).

Explicación: Segundo o disposto no art. 25.1.b da Lei 13/2010, as respostas B) e C) da pregunta 64 son complementarias, illadamente nin a resposta B) nin a C) definen un centro de fabricantes ou outlet.

Pregunta 89.- O texto do enunciado da pregunta 89 e mailas respostas ofrecidas no exame non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 89 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a D).

Pregunta 91.- O texto do enunciado da pregunta 91 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 91 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a B).

Pregunta 98.- A pregunta ten o seguinte enunciado: “*Para considerarse autoridad a efectos penales ¿que requisitos se deben cumplir?*”.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

- a) *Tener mando*
- b) *Ejercer jurisdicción propia*
- c) *Tener mando o ejercer jurisdicción propia*
- d) *Tener mando o ejercer jurisdicción propia y tener la condición de funcionario."*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo e considerar como resposta correcta a opción C).

Explicación: Vid art 24 do C. Penal.

Sendo as 14.30 horas, o Tribunal acorda continuar o estudio das alegacións presentadas o vindeiro 20 de marzo, ás 11:30 horas. Levantándose acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sr. Presidente.



X ACTA

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER 1 PRAZA FUNCIONARIAL DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, POR QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014-2015-2016 CELEBRADA O DÍA 20 DE MARZO DE 2019.

Sendo as 11,30 horas do día 20 de marzo de 2019, reúnen os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias da Xefatura da Policía Local de Vigo, acadando o quórum suficiente de constitución (base xeral 8.4.1), co obxecto de continuar co estudo das alegacións presentadas contra a realización do primeiro exercicio da oposición (exame tipo test), alegacións presentadas durante o novo prazo outorgado tendo sido retrotraído o procedemento:

Asisten:

- D. Francisco Martínez Muñoz**, na condición de Presidente titular do Tribunal.
- D. José Bouzas Novas**, na condición de Vocal titular 1º.
- D. Francisco José Vila Campos**, na condición de Vocal titular 2º.
- D. Teodoro de la Peña Costas**, na condición de suplente do vocal titular 3º.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

Procédese, polo órgano de selección, ao estudo e deliberación dos seguintes puntos a tratar, adoptándose os acordos que mais adiante figurarán reflectidos, de maneira correlativa, na presente Acta.

Continúase co estudo da alegación presentada o día 11.03.2019 polo aspirante D.Enrique Toucedo Garrido (documento nº 190035230):

Pregunta 114.- A pregunta nº 114 ten o seguinte enunciado: *“El artículo 56 b) de la Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía dice que la propuesta de reforma requerirá, en todo caso, la aprobación:.....”*.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción D) .

Decisión do órgano de selección: Tras un largo debate, considerando os argumentos sostidos na resolución da impugnación das preguntas núms. 28 e 36, coa finalidade de manter unha liña congruente na resolución das alegacións, o Tribunal considera que deberase estar ao tenor literal do texto da pregunta. Deste xeito, os membros do Tribunal con voz e voto, consideran o artigo 56 b) do Estatuto de Autonomía non existe, polo que entenden que a pregunta debe ser anulada.

Estimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo, anulando a pregunta nº 114 do exame e sustituíla pola pregunta nº 124 das de reserva , sendo a resposta correcta 124.D).

Pregunta 118.- A pregunta 118 ten o seguinte enunciado: *“El apartheid, como pauta de interacción entre mayorías y minorías étnico-raciales, es un ejemplo de:*

- a) Genocidio
- b) Segregación
- c) Asimilación
- d) Autosegregación”.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción B).

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo, sendo a resposta correcta B), por canto o Apartheid foi o sistema de segregación racial en Suráfrica e Namibia en vigor ata 1992.

Pregunta 119.- Contíña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

“La respuesta incorrecta con respecto al concepto de raza es:

- a) El concepto de raza es igual al de etnicidade*
- b) La raza es el conjunto de personas con rasgos, biológicamente heredados*
- c) Existen tres razas: caucásico, negro y mongoloide*
- d) El racismo es un perjuicio basado en las diferencias físicas y socioculturales*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Estimar neste punto a alegación do Sr. Toucedo. Manter a validez da pregunta e dar reputadas como correctas A) e mais C) indistintamente.

Explicación: Debe reputarse como correcta tamén a resposta C, por canto existen numerosas clasificacións de razas, dependendo do autor, xa sexa antropolóxico, biólogo, etc.

A problemática suscitada nesta pregunta non evidencia, propiamente, un erro na súa formulación (que está lóxica e perfectamente realizada), nin tampouco un erro na validez das catro respostas ofrecidas tal que puidese impedir, aos aspirantes, decantarse por ningunha desas respostas alternativas imposibilitándolles a exteriorización dunha cabal contestación. O problema detectado trae exclusiva causa no ofrecemento de dúas respostas que poderían reputarse, indistintamente, como correctas e co mesmo grao de acerto e validez, isto e, a resposta A) e máis a resposta C). Trátase, por tanto, dun erro na corrección, e non nun erro na formulación da pregunta susceptible de xerar a súa nulidade.

Pregunta 125.- O texto do enunciado da pregunta 125 e mailas respostas ofrecidas no exame non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 125 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

Pregunta 126.- O texto do enunciado da pregunta 126 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 126 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

Pregunta 127.- O texto do enunciado da pregunta 127 e mailas respostas ofrecidas no examen non se



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

correspondían co texto do enunciado da pregunta 127 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a D).

Pregunta 128.- O texto do enunciado da pregunta 128 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 128 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

3.- Alegación presentada o día 11.03.2019 por D. José Rodríguez Sánchez (documento nº 190035729), impugnando as preguntas números 88, 90, 91, 92, 4, 5, 15, 37, 45, 51, 55, 70, 71, 85, 100, 125, 126, 127 e 128. Asemade, alega que existen coincidencia das pegatinas identificativas en dous exames.

Preguntas 88, 89, 90, 91 e 92.- O aspirante D. José Rodríguez Sánchez impugna as preguntas 88, 89, 90, 91 e 92. Dase por reproducida a motivación relativa a ditas preguntas xa tratadas na alegación de aspirante D. Jorge Enrique Comesaña Rosende.

Pregunta 4.- A pregunta ten o seguinte enunciado. “ *La orden de detención europea se regula en:....* ”.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción B). Dita pregunta atópase dentro da materia do programa, concretamente no tema 35.

Pregunta 5.- A pregunta ten o seguinte enunciado:“ *La norma por la que se regula la tramitación de las reformas de los vehículos es el: ...* ”.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción A).

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción A). Dita pregunta atópase dentro da materia do programa, concretamente no tema 36.

Pregunta 15.- A pregunta ten o seguinte enunciado:“ *La alteración de los términos municipales se podrá iniciar de oficio:...* ”.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción A).

Decisión do órgano de selección: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción A). Vid art.9 del RDL 781/1986.



CONCELLO DE VIGO

AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

Pregunta 37.- A pregunta ten o seguinte enunciado: *“En el código penal, ¿que delito tiene como sujeto activo específico solo a los funcionarios penitenciarios o de centros de protección o corrección de menores respecto de los detenidos o presos?”*

- a) *Delito de comunicación ilegal*
- b) *Delito de detención ilegal*
- c) *Delito de rigor innecesario*
- d) *Delito de entrega indebida”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción C).

Os membros do tribunal comencan un amplo debate sobre os catro delitos citados, concepto, autoría Con relación ao rigor innecesario, o tribunal ten claro que dita conduta contéplase no código penal como un delito pero non ten claro, tras un longo debate, que o autor do mesmo sexa exclusivamente unha persoa que teña a condición de funcionario público. Plántase a dúbida, por canto na práctica os centros de protección o corrección de menores é frecuente que sexan xestionados de modo indirecto, vía concesión administrativa, de si pode ser autor dun delito de rigor innecesario, un traballador que non posúe a condición de funcionario público, traballador que é contratado por unha empresa que xestiona en réxime de concesión administrativa un centro de protección o corrección de menores. Tras un logo debate non se chega a un acordo. Os membros do tribunal preguntan á Secretaria, quen solicita que dito punto quede pendente para a seguinte sesión para mellor estudio e consulta da Xurisprudencia sobre o tema.

Pregunta 45.- O órgano de selección reputou como resposta correcta a C) , *“R.D.L 5/2015, de 30 de outubro”*.

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta (C).

Explicación: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción C). Dita pregunta atópase dentro da materia do programa, concretamente no tema 18 (Estatuto Básico do Empregado Público-Función pública).

Pregunta 51.- Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

“Los extintores de la carga de un vehículo de mercancías peligrosas de más de 7,5 toneladas de masa máxima autorizada, tendrán una capacidad de:

- a) *2 Kg*
- b) *4 Kg*
- c) *6 Kg*
- d) *12 Kg”*.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D) (12 Kg).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta por adecuarse ao programa, concretamente ao tema 38, e dar reputadas como correctas a A), C) e D) indistintamente.

Explicación: (Vid.) Acordo Europeo sobre Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Carretera de 2015: Os vehículos con MMA superior a 7.500 Kg deberán ter uno o varios extintores



CONCELLO DE VIGO

AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

de incendios cunha capacidade mínima total de 12 Kg de polvo. Considerando que o enunciado da pregunta non dicía “mínima total”, considerando que pode haber mais de un extintor e considerando que o texto da pregunta estaba redactado en plural “extintores”, estes poderán ter unha capacidade de 2 Kg, 6 Kg ou 12 Kg, dada a imposibilidade a atopar no mercado extintores de 4 Kg.

A problemática suscitada nesta pregunta non evidencia, propiamente, un erro na súa formulación (que está lóxica e perfectamente realizada), nin tampouco un erro na validez das catro respostas ofrecidas tal que puidese impedir, aos aspirantes, decantarse por ningunha desas respostas alternativas imposibilitándolles a exteriorización dunha cabal contestación. O problema detectado trae exclusiva causa no ofrecemento de tres respostas que poderían reputarse, indistintamente, como correctas e co mesmo grao de acerto e validez, isto e, a resposta A), C) e máis a resposta D).

Trátase, por tanto, dun erro na corrección, e non nun erro na formulación da pregunta susceptible de xerar a súa nulidade, ao existir unha lóxica correlación entre o suposto de feito que se plantexa aos aspirantes e tres das respostas que merecen declararse como correctas entre as distintas alternativas enunciadas, polo que, lonxe de decantarse o órgano de selección pola opción máis radical -anulación da pregunta- opta por manter a súa validez pero reputando como posibles respostas correctas a A), C) e D), decisión que se adopta, por este órgano de selección, respectando en todo momento os principios constitucionais de igualdade de trato, mérito e capacidade ante todos os aspirantes, xa que se adopta a decisión de forma extensiva e equitativa para con todos aqueles aspirantes que puideron decantarse, indistintamente, por calquera das tres respostas válidas, decisión que permite cohonestar o principio procedementa de mantemento dos actos administrativos (artigos 50, 51 e 52 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común) co principio constitucional de interdicción da arbitrariedade (artigo 9 CE).

A solución adoptada tampouco comporta contravención das bases xerais ou específicas xa que, os únicos condicionados que se impoñen ao órgano de valoración no tocante ao cómputo das valoracións do exame teórico tipo test son (1) que a valoración do exercicio se cualifique cun máximo de 10 puntos, debendo quedar eliminado quen non obteña un mínimo de 5 puntos (2) que o cuestionario conteña 120 preguntas avaliábeis (3) que a cualificación se realice atendendo a seguinte fórmula : $N = (A - F / 3) / 12$.

Pregunta 55.- O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta (C).

Explicación: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción C). Vid. RGC 1428/2003.

Pregunta 70.- O órgano de selección reputou como resposta correcta a A) .

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta (A).

Explicación: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción A). Dita pregunta atópase dentro da materia do programa, concretamente no tema 3.

Pregunta 71.- O órgano de selección reputou como resposta correcta a C) .

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

a opción (C).

Explicación: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción C). Dita pregunta atópase dentro da materia do programa, concretamente no tema 3.

Pregunta 85.- O órgano de selección reputou como resposta correcta a A) .

Decisión do órgano de selección: Manter a validez da pregunta e da resposta reputada como correcta (A).

Explicación: Desestimar neste punto a alegación do Sr. Rodríguez e reputar como resposta correcta a opción A). Vid. Instrucción DGT nº 10/S-116.

Pregunta 100.- Contiña o seguinte enunciado e respostas alternativas:

“Según el art 550.1 del código Penal. ¿quienes son reos de atentado?”

- a) los que agredieren a un funcionario público*
- b) los que opusieran resistencia grave a la autoridad*
- c) todas son correctas*
- d) los que acometieran a una agente de la autoridad.”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a C).

Decisión do órgano de selección: manter a validez da pregunta e reputar como válidas as respostas A) e D), indistintamente.

Explicación: A resposta B) non é correcta xa que o tipo penal esixe que a resistencia grave sexa activa, é dicir, que se realice con intimidación grave ou violencia.

Pregunta 125.- O texto do enunciado da pregunta 125 e mailas respostas ofrecidas no exame non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 125 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

Pregunta 126.- O texto do enunciado da pregunta 126 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 126 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a A).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

Pregunta 127.- O texto do enunciado da pregunta 127 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 127 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

O órgano de selección reputou como resposta correcta a B).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a D).

Pregunta 128.- O texto do enunciado da pregunta 128 e mailas respostas ofrecidas no examen non se correspondían co texto do enunciado da pregunta 128 e mailas respostas ofrecidas na plantilla de corrección que utilizou o Órgano de Selección para realizar a corrección dos exames test.

O órgano de selección reputou como resposta correcta a D).

Decisión do órgano de selección: Correxir a plantilla de corrección na formulación da pregunta e das respostas e considerar como resposta correcta a C).

O Tribunal acorda continuar o vindeiro 4 de abril, ás 09:30 horas. E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 14.30 horas, levantándose acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sr. Presidente.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

XI ACTA

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER 1 PRAZA FUNCIONARIAL DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, POR QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014-2015-2016 CELEBRADA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2019.

Sendo as 09,30 horas do día 04 de abril de 2019, reúnense os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias da Xefatura da Policía Local de Vigo, acadando o quórum suficiente de constitución (base xeral 8.4.1), co obxecto de continuar co estudo das alegacións presentadas contra a realización do primeiro exercicio da oposición (exame tipo test), alegacións presentadas durante o novo prazo outorgado tendo sido retrotraído o procedemento:

Asisten:

- D. Francisco Martínez Muñoz**, na condición de Presidente titular do Tribunal.
- D. José Bouzas Novas**, na condición de Vocal titular 1º.
- D. Francisco José Vila Campos**, na condición de Vocal titular 2º.
- D. Teodoro de la Peña Costas**, na condición de suplente do vocal titular 3º.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

Procédese, polo órgano de selección, ao estudo e deliberación dos seguintes puntos a tratar, adoptándose os acordos que mais adiante figurarán reflectidos, de maneira correlativa, na presente Acta.

Continúase co estudo da alegación presentada o día 11.03.2019 por D. José Rodríguez Sánchez (documento nº 190035729), quedaba pendente de resolución a impugnación da pregunta nº 37. O Tribunal continúa a súa deliberación.

Pregunta nº 37:

A pregunta ten o seguinte enunciado: *“En el código penal, ¿que delito tiene como sujeto activo específico solo a los funcionarios penitenciarios o de centros de protección o corrección de menores respecto de los detenidos o presos?”*

- a) *Delito de incomunicación ilegal*
- b) *Delito de detención ilegal*
- c) *Delito de rigor innecesario*
- d) *Delito de entrega indebida”*

O órgano de selección reputou como resposta correcta a opción C).

A Secretaria do Tribunal informa a este que consultada a Xurisprudencia (Vid. ST. nº 501/2004, de 3 de decembro, da sección 15 da Audiencia Provincial de Madrid), o tipo penal previsto no art. 533 do CP pode ser cometido por un traballador que non posúe a condición de funcionario público, traballador que é contratado por unha empresa que xestiona en réxime de concesión administrativa un centro de protección o corrección de menores. Asemade, infórmase tamén da interpretación extensiva que realiza a xurisprudencia do concepto de funcionario público a efectos penais, desde o punto de vista do exercicio de funcións públicas (ST. Sala do Penal do TS 718/2013, de 1 de outubro). Os membros do tribunal con voz e voto continúan o debate e conclúen que o autor do delito de rigor innecesario non é exclusivamente unha persoa que teña a condición de funcionario público.



CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE E
SEGURIDADE

En efecto, na Base específica oitava deste proceso selectivo (desenvolvemento do proceso), apartado segundo, previase expresamente que no segundo exercicio (exercicio teórico práctico), o órgano de selección avaliará: (a) a capacidade de análise e (b) a aplicación razoada dos coñecementos teóricos.

E estes dous parámetros foron os que presidiron a corrección da proba celebrada o día 11 de abril de 2019.

Consonte ao disposto na Base específica oitava (desenvolvemento do proceso), apartado segundo (segundo exercicio), en coherencia coa base xeral décima, os membros do órgano de selección acordaron, por unanimidade, que os dous criterios de avaliación deste exercicio teórico-práctico se valorasen do seguinte xeito:

- a capacidade de análise: ata seis (6) puntos do total máximo de dez que ten que ser valorada a proba.
- a aplicación razoada dos coñecementos teóricos: ata catro (4) puntos do total máximo de dez que ten que ser valorada a proba.

No primeiro apartado (capacidade de análise) o órgano de selección considerou que a súa función sería valorar a capacidade do aspirante para analizar e expoñer as eventuais situacións de intervención policial que demandaba o caso práctico sometido a consideración dos aspirantes, aínda que non figuren descritas no enunciado, debendo priorizar o aspirante os obxectivos propios da intervención de acordo coas funcións da praza convocada e a cadea de mando.

E, no segundo apartado, o órgano de selección considerou que tería por función valorar a correcta invocación da normativa legal aplicable aos distintos fitos da intervención e ás situacións que o aspirante poida describir como de potencial concorrencia.

O obxecto e alcance da proba foille exposta sucintamente aos dous aspirantes polo Sr. Secretario deste órgano colexiado, xusto antes do seu comezo, indicándolles <<in voce>> cales eran os criterios de corrección do órgano de selección e a súa puntuación máxima. E, de feito, os dous aspirantes executaron os seus respectivos exercicios segundo, con maior ou menor rigor e acerto, os criterios que así lles foron expostos.

Por tanto, e unha vez desagregadas as puntuacións individuais segundo o disposto na correspondente acta da última sesión, e presentadas as correspondentes alegacións por un dos aspirantes, o deber de motivación que impón aos órganos de selección os artigos 35.2 e 88.3 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, tan so precisa, dunha banda, que polos Sres. membros do tribunal cualificador incorporen unha sucinta motivación na que se expliciten as razóns que conduciron á emisión das cualificacións cuestionadas, e, doutra, dar unha debida resposta aos motivos impugnatorios aducidos nas alegacións presentadas, dentro do prazo regulamentario, por un dos dous aspirantes que accederon á realización do segundo exercicio da oposición.

A primeira destas esixencias formais apuntadas (motivación conducente á emisión das cualificacións emitidas aos aspirantes presentados) é unha labor de estrita competencia daqueles membros do Tribunal cualificador que ostentan a capacidade de voto (presidencia e vogais), por ser precisamente eles os que, no exercicio das facultades que legalmente teñen encomendadas de cara á correcta resolución do proceso selectivo, confeccionaron o exercicio práctico e procederon á súa avaliación e puntuación. A segunda destas esixencias formais (ofrecer unha resposta motivada ás alegacións deducidas por un dos aspirantes contra a actuación do órgano de selección) si que precisaría dunha análise previa, de orde legal, por parte do membro do órgano de selección que ten legalmente encomendadas as funcións de asesoramento, isto é, o secretario do tribunal, cuestión que se procede a informar de seguido.

Terceiro.- Exame dos motivos impugnatorios contidos nas alegacións presentadas.

O opositor reclamante, Sr. D. Jorge Enrique Comesaña Rosende, nos seus escritos presentados con datas 13.04.2019 (documentos 190054844 e 190054842) e 16.04.2019 (documento 190055770), centra o contido das súas alegacións facendo unha crítica valorativa do exame realizado polo outro aspirante, o Sr. D. Enrique

Toucedo Garrido, aducindo, en síntese, (a) que este segundo aspirante propón, na contestación do seu exercicio, o que sería un claro suposto de "detención ilegal" da persoa inmigrante que figura como un dos actores interviñentes no caso práctico sometido a consideración dos opositores, (b) que o referido contrincante "inventa" datos non expostos no enunciado do caso práctico, tales como a posible nacionalidade desa persoa estranxeira e (c) que o devandito aspirante engadiu, no seu acto de pública lectura, expresións non incorporadas ao seu exercicio escrito.

1º.- No tocante á suposta "detención ilegal" que o reclamante predica da actuación proposta polo outro aspirante no seu caso práctico. Cumpre anticipar, xa agora, que tal alegato semella ser, máis ben, unha persoal e desatinada apreciación do propio reclamante, sustentada nunha interpretación subxectiva súa verbo do contido do exercicio desenvolvido polo outro opositor, antes que nunha verdadeira razón de ciencia.

O artigo 13 da LO 4/2015, sobre Protección da seguridade Cidadá, impón ás persoas estranxeiras que se atopan en España dúas obrigas: A primeira, acreditar a súa identidade. A segunda, acreditar, ademais, que se atopan en territorio español legalmente.

Este deber reiterase, con carácter xeral, no artigo 16 da mesma lei orgánica, podendo constituír o seu incumprimento unha infracción tipificada no artigo 36.6 do mesmo texto normativo.

Por tanto, pode suceder que o cidadán acceda a identificarse no acto ante os axentes da Policía pero non xustifique documentalmente a súa estancia regular, ou pode suceder que nin tan sequera faga nin unha, nin outra cousa. Ou pode suceder, tamén, que non se identifique no acto pero, unha vez efectuada a identificación, se comprobe que a súa estancia é perfectamente regular.

Se o cidadán non accede a identificarse, os artigos 13.2 e 16. 2 da LO 4/2015 facultan aos axentes da autoridade para reter e levar ao cidadán ás dependencias policiais aos efectos de proceder á súa identificación. Neste suposto, e ao obxecto de sancionar unha infracción da lei, o traslado á dependencia policial dunha persoa para practicar as dilixencias de identificación polo tempo imprescindible e a meros efectos de proceder á súa identificación fidedigna cando non existe ningún medio documental de acreditar esa identidade no acto, vense denominado, pola doutrina xurídica, como "retención", se ben no argot común policial emprégase, en non poucas ocasións, a expresión <<detención preventiva>> para referirse xenericamente a este tipo de actuacións, cuestión puramente denominativa pero carente de efectos prácticos sempre que se respecten os prazos de retención, tal e como se razoará máis adiante.

Agora ben, se con motivo da identificación dun cidadán estranxeiro éste non consegue acreditar documentalmente atoparse en situación regular, esa persoa tamén podería incorrer, en principio, na infracción de estancia irregular prevista no artigo 53.1.a), da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, circunstancia que pode dar lugar a un expediente de expulsión (artigo 57 da lei, cuxo procedemento encontra o seu desenvolvemento regulamentario no Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, trala súa reforma por Lei Orgánica 2/2009), eventualidade que xustifica, con maior razón, a obriga de reter e trasladar ao cidadán ás dependencias xudiciais para poñelo, acto seguido, a disposición das autoridades competentes.

Neste caso, o traslado ás dependencias policiais aproxímase mais ao que sería unha detención preventiva que a unha mera retención, aínda que, insistimos, trátase dunha simple disquisición terminolóxica carente de virtualidade práctica ningunha.

Nos propios protocolos de actuación mantidos polo Grupo Operativo de Apoio da Policía Local de Vigo (G.O.A.), ao que se encontra adscrito o aspirante reclamante, existe, a disposición dos axentes municipais dese grupo operativo, un modelo estandarizado de acta de entrega de cidadáns estranxeiros á Comisaría territorial do Corpo Nacional de Policía, realizándose a mesma en condición de <<detención preventiva>> por estancia irregular, ao amparo do artigo 53.1 a) da Lei de estranxeiría, tal e como sabe e lle consta ao aspirante reclamante. Achegase copia do modelo da acta, xunto co presente informe, que identifico como **documento anexo 1º**.

E a ese protocolo de actuacións se axusta, precisamente, a contestación do exercicio desenvolto polo opositor contrincante, Sr. Toucedo Garrido, e que é o obxecto das duras críticas do reclamante, resultando de todo punto incomprendible que as alegacións que agora son analizadas pretendan atribuírle, á resposta ofrecida polo aspirante rival, a cualificación de "detención ilegal" polo simple feito de utilizar o protocolo de servizo da Policía Local de Vigo.

Pois ben, si se traslada á Comisaría en cualidade de detido, esta retención ou “detención preventiva”, como se lle queira chamar, ten sempre que se axustar e respectar o mandato constitucional contido no artigo 17.2 da Carta Magna, podendo posteriormente, o instrutor dun expediente de expulsión, dispoñer que se converta en “detención cautelar” nese procedemento de expulsión, unha vez en curso (artigo 61.1.d) da lei de estranxeiría). Lémbrase que a privación de liberdade ha de manterse polo tempo mínimo imprescindible e que, en ningún caso, poderá superar as 72 horas, contabilizándose as das dúas situacións descritas: a denominada, nos protocolos de actuación policial, “detención preventiva” + a denominada, pola lei de estranxeiría, “detención cautelar”. En suma, e para clarexalo, para que a detención se considere cautelar requírese que se atope en curso un procedemento de expulsión. E o acordo de iniciación, como o seu nome indica, será o que pon en marcha o procedemento.

Por tanto, se o traslado do cidadán se realiza en concepto de “retención” ou “detención preventiva” aos meros efectos de poder identificalo, pode suceder que, unha vez constatada a súa estancia irregular no país, o acordo de iniciación do expediente de expulsión acorde formalmente a “detención cautelar” (artigo 61.1.d da Lei) polo tempo imprescindible para practicar as actuacións precisas e, repetimos, sen superar as 72 horas, en cuxo cómputo incluírase todo o tempo transcorrido desde a identificación na vía pública e o tempo de permanencia na Comisaría anterior ao ditado do acordo de iniciación no que se declara a súa situación como detido cautelar.

Por tanto, a previsión constitucional de que a detención preventiva policial máxima de 72 horas debe finalizar coa posta en liberdade do detido ou coa súa posta a disposición xudicial operará, cando se trata de expedientes de expulsión, cando se solicita do xulgado o internamento do cidadán, pasando desde ese momento a súa disposición o detido para así defenderse e ser oído pola autoridade xudicial, e antes de que esta se pronuncie sobre o internamento. (Por tanto, unha cousa é o internamento dun cidadán estranxeiro en situación irregular en España nun Centro de Internamento de Estranxeiros, e outra ben distinta é o seu traslado a Comisaría para a súa identificación ou en condición de detención preventiva polos funcionarios policiais, cos fins lexítimos de proceder consonte ás habilitacións que a lei lles confire).

En consecuencia, e a efectos prácticos, o feito de trasladar á Comisaría de Policía a unha persoa estranxeira ao obxecto de proceder á súa identificación fidedigna e constatar a súa situación regular constitúe unha actuación policial que, obviamente, comporta unha privación provisoria da liberdade de tránsito e de movemento dun cidadá, pero que está perfectamente amparada por lei, polo que denominar a esa situación “retención” ou “detención preventiva” constitúe un debate formal carente de relevancia ningunha, xa que, tanto nun como noutro suposto, tense que garantir o cumprimento do prazo máximo de detención de 72 horas.

Porén, e ante un suposto de feito como o que se describe no caso práctico, onde se relatan situacións que poden suxerir a comisión dalgún delito polo cidadán retido, o traslado debería facerse en cualidade de “detención preventiva”. En efecto, o caso práctico expón que o cidadán estranxeiro está a ocupar unha vivenda que, aínda abandonada, non é claramente da súa propiedade, sendo en principio responsable dun incendio cometido no seu interior susceptible dunha, máis que previsible, xeración de danos ao inmovible. Dise, ademais, que esa persoa porta unha arma detonadora. Todo ilo pode suxerir, ademais dunha situación irregular en España, a comisión dun delito de tenencia ilícita de armas (art. 563 CP), dun delito de danos en propiedade privada (artigo 263 CP), dun delito de incendio (artigo 351 CP) - xa fose en modalidade dolosa ou por negligencia-, ou dun delito de violación de morada (artigos 202 e seguintes CP), o que xustificaría sobradamente realizar unha detención preventiva ao abeiro dos artigos 492, 520 e concordantes da LeCrim, e non unha mera “retención” a efectos de identificación do cidadán, como suxire o reclamante nas súas alegacións.

Concluindo, pretender cualificar como delito de “detención ilegal”, tipificado nos artigos 163 a 168 CP, a resposta de actuación ofrecida polo opositor Sr. Toucedo Garrido (quen se limitou a seguir, na súa exposición argumental, os protocolos de actuación establecidos pola propia Policía Local de Vigo, facendo entrega do estranxeiro retido nas dependencias policiais baixo o concepto de “detención preventiva”), supón simplemente, un descoñecemento tanto da propia significación do ilícito penal que se invoca como do verdadeiro obxecto e alcance da lexislación aplicable.

2.- No tocante á alegación consistente en que o seu contrincante “inventa” datos non expostos no enunciado do caso práctico, tales como a posible nacionalidade desa persoa estranxeira. Convén clarificar que, un dos obxectivos do caso práctico elaborado e proposto polo tribunal cualificador, en concreto do apartado valorativo referido á capacidade de análise, era, precisamente, valorar a capacidade dos aspirantes para idear e expoñer eventuais situacións de intervención policial que, aínda que non figuren descritas no caso práctico,

poden resultar potencialmente factibles ou de previsible concorrencia nun suposto real destas características, precisamente dados os termos xerais cos que se relata o caso práctico, cuestión que así se lles explicou, cunha claridade meridiana, aos dous aspirantes, antes do inicio da proba.

Pois ben, o único que se desprende do exercicio executado polo aspirante Sr. Toucedo Garrido e que o mesmo ven a describir unha situación real de posible concorrencia, como é a nacionalidade da persoa estranxeira, ideando que pertencía a un país africano, cousa que nin tan sequera fai o outro opositor reclamante, Sr. Comesaña Rosende, quen se limitou a analizar o caso práctico de acordo coa estrita literalidade no que foi xenericamente plantexado, pero sen prever ningún escenario ou matiz de posible concorrencia verbo desta cuestión, como é a nacionalidade dun dos actores que se describen no suposto. E dicir, executou o exercicio pero sen asumir o menor risco expositivo, a diferenza do aspirante que critica, xa que, como sabe e lle consta ao reclamante, non é o mesmo que o estranxeiro sexa cidadán da Unión Europea, valga o exemplo, que dun estado africano. E o opositor Sr. Toucedo Garrido, indo mais aló da estrita exposición fáctica relatada no caso práctico, asumiu a labor intelectual que precisamente se lle demandada aos aspirantes para o desenvolvemento desta proba, que era a capacidade de prever e analizar situacións de previsible concorrencia nun suposto práctico real, circunstancia que ben merecería, por si soa, unha especial consideración á hora de valorar e cualificar o seu exercicio.

Por tanto, e máis aló do maior grao de erro ou acerto que se lle queira atribuír á exposición realizada verbo da propia situación ideada polo referido opositor contrincante, o certo é que este aspirante demostrou unha iniciativa de resolución do caso práctico que nin sequera foi prevista polo reclamante, polo que non se alcanza a entender cal é a razón de ciencia que se pretende invocar, polo Señor recorrente, para instar a anulación das cualificacións outorgadas ao outro aspirante por razón desta concreta cuestión de debate.


3.- No tocante ao alegato impugnatorio de que o outro aspirante, Sr. Toucedo Garrido, engadiu no seu acto de pública lectura algunha expresión ou frase non incorporada ao seu exercicio escrito. Entendo que deben rexeitarse os efectos invalidantes que predica o recorrente deste concreto motivo impugnatorio, con fundamento na seguinte motivación. En efecto, e aínda admitindo a meros efectos dialécticos que fose certa tal afirmación -hipótese en ningún caso probada-, cumpre advertir que as cualificacións foron emitidas, en todo caso, atendendo ao contido escrito dos exames, cuxa lectura pormenorizada foi asumida polo órgano de selección despois da intervención dos aspirantes.


Así pois, e tal e como se deixa constancia na acta da sesión precedente, unha vez foron lidos os exames en pública sesión polos opositores, o órgano de selección continuou a súa sesión a porta pechada, momento no que, o señor secretario, e de acordo coas propias indicacións ofrecidas polo señor Presidente, imprimiu catro copias dos respectivos exames prácticos na sala de reprografía da Policía Local co obxecto de facilitarlle unha copia a cada un dos membros do órgano de selección, para que así puidesen acometer unha lectura e análise mais detallada dos exercicios, antes de iniciar á emisión das cualificacións. De feito, ámbolos dous exames foron novamente lidos polo señor Presidente, en voz alta, iniciándose de forma simultánea á súa lectura un proceso de estudo e debate polos membros do órgano de selección, previo á emisión das cualificacións.

Por tanto, se fose certa a afirmación realizada polo recorrente (cuestión que este funcionario informante non entra a valorar por sustentarse nunha afirmación de parte, non sendo factible, por outra banda, cotexar a circunstancia exposta polo Sr. Comesaña Rosende, nin moito menos o seu concreto alcance, xa que, no momento da pública lectura, os exercicios están a disposición do aspirante encargado de ler o seu respectivo exercicio e non do tribunal cualificador, non estando legalmente autorizadas, nin polas bases de selección nin por norma regulamentaria ningunha -ordenanza ou regulamento- a gravación da intervención dos aspirantes), tal eventualidade carecería de virtualidade e relevancia suficiente para invalidar as cualificacións emitidas, e que, convén reiteralo, foron outorgadas en atención ao contido real dos exercicios, e non a supostos "engadidos" semánticos que puideran realizar os aspirantes con motivo da pública lectura dos seus respectivos exercicios, sendo a única finalidade deste acto público conferir a debida transparencia e publicidade ás actuacións do órgano de selección, pero sen que, en ningún caso, a súa celebración supoña eludir a capacidade legal do tribunal para ler e estudar, con máis detemento do que é a lectura pública, o contido dos exercicios, tal e como así aconteceu.

E pola mesma razón cumpre rexeitar o alegato consistente en que a lectura do outro aspirante foi <<caótica, interrompindo a lectura continuamente, sin soltura>> (sic), xa que non é mérito nin demérito - que lle conste a este funcionario informante- que a textura fónica e a dicción dun aspirante á hora de ler o seu exercicio mereza ser obxecto de penalización, pois, xa fose por unha lóxica razón dos nervios que poden experimentar os aspirantes no acto de lectura, ou pola simple dificultade que pode presentar unha defectuosa grafía -executada, cumpre dicilo, baixo un axustado tempo máximo de realización do exame-, ou por calquera outra circunstancia de

19/05/15


7/11




previsible concurrencia -imáxinemos, valga o exemplo, os efectos da presbicia-, resulta perfectamente entendible que un aspirante poida ter quebrada a voz.

Pero, insisto, non é a dicción oral dos aspirantes o que precisamente tense que valorar nesta proba, agás que o reclamante pretenda introducir un novo parámetro de puntuación, superpoñendo o seu persoal criterio de valoración (que, en todo caso, resulta alleo tanto ás bases de selección como ao propio contido da praza convocada) fronte ás lexítimas competencias do órgano de selección.

4.- Por último, cumpre facer unha reflexión final referida a aquel alegato polo que ven a manifestar o reclamante que <<la valoración de los supuestos se ha realizado de forma subjetiva, dando más nota al opositor contrario respecto al recurrente, ya que la fase teórica fue la anterior prueba, siendo ésta la práctica, donde lo que prima es la efectividad, la resolución y buen hacer del supuesto, no el nombrar artículos de leyes copiadas de los textos normativos, con errores de calificación jurídica y detenciones improcedentes>> (sic).

Semella esquecer o recorrente que o segundo exercicio da oposición é unha proba teórico-práctica, e, como o seu nome facilmente suxire, ten por obxecto e alcance "desenvolver por escrito durante un período máximo dunha hora a resolución dun caso teórico-práctico relacionado co temario", tal e como así contemplan as bases específicas, que, ademais, engaden que "neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados", e a cuxos efectos as bases posibilitan, precisamente de cara á súa correcta execución, que os aspirantes poidan "facer uso dos textos legais dos que acudan provistos", agás textos comentados e libros de formularios.

A proba, tal e como resultou sometida a consideración dos aspirantes, é plenamente acorde á finalidade descrita polas bases específicas e axústase plenamente, no seu deseño formal, á literalidade das bases.

Obviamente non entrará a analizar este funcionario informante, de acordo coas advertencias xa anunciadas no apartado primeiro deste Informe (obxecto e alcance do informe) o grao de acerto das puntuacións outorgadas polos membros do órgano de selección de acordo coa marxe de discrecionalidade técnica que a lei así lles outorga (e que o recorrente cualifica de actuación "subxectiva", que obviamente tamén o é, xa que as cualificacións emítense de maneira individual, por cada suxeito integrante do órgano de selección, e non precisamente de forma comandataria). Pero o que dificilmente pode chegar a evidenciarse trala lectura dos exercicios executados, é que o tribunal incorrese nunha actuación arbitraria, ilóxica ou irracional que, por notoria, puidese ser merecedora dunha actuación revisora das puntuacións outorgadas neste segundo exercicio.

É todo canto teño a ben informar a esta data, supeditando as anteriores consideracións, en todo caso, a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito.
Vigo, a 22 de abril de 2019"

Lido o Informe transcrito, o órgano de selección, acepta e asume por unanimidade dos seus membros os fundamentos ofrecidos no mesmo, aos efectos de desestimar integramente os motivos de impugnación aducidos polo opositor reclamante.

Acto seguido, e resoltos os motivos impugnatorios aducidos polo aspirante Sr. Comesaña Rosende, o órgano de selección cumpre ofrecerlle ao reclamante, de acordo coa doutrina xurisprudencial exposta no Informe do secretario do órgano de selección, arriba transcrito, unha motivación máis pormenorizada verbo das razóns que conduciron, aos seus membros, á emisión das puntuacións que o reclamante cuestiona, puntuacións que, a diferenza da corrección dun exercicio test, son emitidas baixo a lóxica marxe de discrecionalidade técnica da que gozan os órganos de selección, e cuxas actuacións quedan sometidas aos principios de presunción de acerto e neutralidade.

Así, e unha vez constatado que o obxecto e alcance das alegacións presentadas van orientadas, de forma exclusiva, a cuestionar o contido do exercicio desenvolvido polo outro opositor presentado, pero obviando facer o aspirante reclamante a menor referencia ou comentario referido ao contido do seu propio exercicio e ao grao de acerto e rigor que do mesmo debería tamén predicar, o órgano de selección considera necesario acometer, para manter o mesmo nivel de motivación que o aspirante lle esixe a este órgano colexiado, un elemental exercicio de ponderación comparativa entre ámbolos dous exames executados. Deste modo poñeráse igualmente en valor os desacertos que o opositor reclamante cometeu no desenvolvemento do seu exercicio, o que permitirá evidenciarlle, tamén a el, os erros ou deficiencias de análise nas que incorreu con motivo da confección do seu exercicio.

Doutro xeito se estaría circunscibindo a contestación das reclamacións presentadas ao único elemento de debate que, intencionadamente, quere promover o recorrente, que non é outro que a cualidade técnica do exercicio realizado polo outro opositor contrincante, pero eludindo a menor comparación cualitativa co exercicio realizado polo propio recorrente, isto é, por quen se limita a invocar os pretendidos erros doutro opositor pero ocultando os seus. Tal eventualidade, considera o tribunal, daría pábulo a unha inasumible quebra do principio de igualdade de armas entre os aspirantes, moi especialmente se temos en consideración que as cualificacións que lles son outorgadas aos aspirantes requiren, con non pouca frecuencia, un lóxico proceso intelectual de estudo comparado entre as probas executadas polos opositores.

E soamente deste modo poderá comprenderse, tanto polo aspirante reclamante como por calquera órgano especializado da xurisdición contencioso administrativa, a razón de ser da sensible diferenza que existe na maior puntuación final que obtivo, nesta proba, o outro opositor presentado.

Pois ben, ademais da ausencia de iniciativa do aspirante Sr. Comesaña Rosende á hora de analizar situacións de posible concorrencia nunha situación real tal e como a descrita no caso práctico -cuestión xa razoada con motivo da contestación ás súas alegacións impugnatorias-, cumpre expoñer, ademais, outras circunstancias que xustificaron, por parte do órgano de selección, á emisión dunhas cualificacións sensiblemente superiores en favor do segundo aspirante que se presentou á realización do exercicio práctico, Sr. Toucedo Garrido.

- Así, e dunha lectura comparada dos dous exercicios, apréciase polo tribunal que o aspirante Sr. Toucedo Garrido desenvolveu a resolución do caso práctico baixo un enfoque máis propio ou acorde ao mando de oficial (que é a praza á que se opta), evidenciando unha maior iniciativa na toma de decisións, a diferenza do aspirante Sr. Comesaña Rosende, que semella adoptar unha análise do caso máis propia dun posto base de policía.
- As referencias normativas do Sr. Comesaña Rosende son de todo punto parcas: limitábase a invocar simplemente a existencia da Lei orgánica 4/2015, a "lei de estranxeiría" e o "regulamento de armas" (pero sen indicar maiores referencias identificativas das mesmas e dos preceptos aplicables), o artigo 520 da Lecrim e o artigo 550 do CP. Nin sequera menciona a existencia da lei de Forzas e corpos de seguridade, a lei de coordinación de policías locais de Galicia ou a lei reguladora da responsabilidade penal dos menores. E iso a pesar de que as bases específicas permitían aos aspirantes ir acompañados dos textos legais que considerasen oportuno para a correcta realización desta proba teórico-práctica.
- As tomas de decisións ante o incendio, máis aló do emprego de meras expresións estereotipadas, carecen da concreción que se demanda, especialmente tendo en conta o lugar de emprazamento -camiño da Raposa-.
- Di proceder ao cacheo do estranxeiro simplemente por mor de "*apreciar indicios razoables bastantes de que puidese estar en situación irregular*", cando o certo é que o cacheo debe obedecer sempre á existencia doutros indicios ou situacións ben distintas do que é a mera nacionalidade dun cidadán, como son os propios feitos de aparencia delictiva que se relatan no caso práctico.
- Por último, o Tribunal quere referir as graves deficiencias de exposición que se aprecian no desenvolvemento do seu exercicio no tocante ás actuacións que deben practicarse en relación co menor de idade, de todo punto parcas e incompletas, e que veñen perfectamente detalladas na Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, norma que o reclamante nin sequera invoca ou reflicte no seu exercicio.

A incorrecta adopción dos protocolos de actuación establecidos na norma poden afectar aos lexítimos dereitos do menor, resultando moi pouco esclarecedora a orde secuencial das intervencións que describe o reclamante no seu exercicio, de todo punto incompletas, pois entre as primeiras actuacións a realizar debe requirirse a inmediata participación do Ministerio Fiscal, de previa e preceptiva observancia, antes de proceder a ningunha outra medida, como pode ser a toma de declaración do menor polo Xuíz de menores, eludindo incluso calquera mención á intervención dos representantes legais do menor. O parco desenvolvemento que o reclamante fai deste concreto e importante aspecto do caso práctico, evidencia un grao de execución do exercicio que non acada o grao de acerto e de análise que se demanda.

De acordo co artigo 17 da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores os funcionarios que interveñan na detención dun menor deberán practicala na forma que menos prexudique a éste e estarán obrigados a informarlle, nunha linguaxe clara e comprensible e de forma inmediata, dos feitos que se lle imputa. E, tamén, deberán notificar *inmediatamente* o feito da detención do menor e o lugar de custodia aos representantes legais do menor e ao *Ministerio Fiscal* (concordante co artigo 520.4 da *Lecrim*).

De acordo co artigo 16.1 corresponde ao ministerio Fiscal a instrución dos procedementos polos feitos delitivos cometidos polo menor. E, de acordo co artigo 16.2, os que teñan coñecemento dalgún feito cometido por un menor de 18 anos, deberán poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal, quen admitirá ou non a trámite a denuncia. No artigo 16.3, unha vez efectuadas as actuacións indicadas no artigo 16.2, é cando o Ministerio Fiscal dará conta da incoación do expediente ao Xuíz de menores, quen iniciará as dilixencias de trámite correspondentes, correspondendo ao Xuíz de menores acordar calquera medida cautelar (artigo 28 da lei) ou definitiva das descritas no artigo 7 da lei.

De acordo co artigo 17.4, calquera dilación indebida na duración da detención do menor, aínda que sexa por descoñecemento do proceso ou da forma de intervir, converte as actuacións nun posible caso de detención ilegal, na que supostamente poderían incorrer os funcionarios actuantes.

Por tanto, e dado que non é o axente da policía quen instrúe o procedemento, e tampouco quen debe remitir a dilixencia de actuación ningunha ao Xuíz de menores a costas do Ministerio Fiscal, e antes de formalizar ningunha dilixencia de comparecencia do menor, hai que poñer os feitos en inmediato coñecemento do Ministerio Fiscal. Lémbbraselle ao aspirante reclamante que, cando se trate dun menor, o Ministerio Fiscal é o garante do cumprimento das garantías constitucionais do proceso, así como do cumprimento dos dereitos do menor, entre os que, cumpre recordar, encontrase a asistencia letrada que nunca debe obviarse antes de acordar o internamento, así como a súa entrevista reservada co menor e os seus representantes, antes, durante e despois da súa declaración. O Ministerio Fiscal é a figura á que deberá comunicarse *de forma inmediata* a detención dun menor, antes de se adoptar calquera medida cautelar ou definitiva polo Xuíz de menores sobre o mesmo, e será o Ministerio Fiscal quen decidirá si se admite ou non a trámite a denuncia contra o menor e, de se-lo caso, quen decide poñer en coñecemento do Xuíz de menores a incoación do expediente.

O desenvolvemento que o aspirante realiza deste aspecto do caso práctico non arroxa a menor luz verbo do que debería ser a fase de intervención previa do Ministerio Fiscal e de audiencia dos representantes legais do menor. Porén, o reclamante dedica no seu exercicio innecesarios esforzos a ilustrar, ao tribunal cualificador, a teoría do delito, da imputación e do nexo causal en relación ao delito atribuíble ao menor, exposición irrelevante cara á concreta resolución do caso práctico, por ser cuestións propias dunha fase procesual xudicial.

Concluindo, o órgano de selección non pode compartir nin as críticas nin os esforzos argumentais do recorrente á hora de pretender atribuírle, ao outro opositor, os supostos erros de enfoque na resolución do exercicio, sobre todo (e con maior motivo) cando as deficiencias que este tribunal aprecia no seu propio exame teñen unha maior relevancia no tocante ao rigor expositivo que se debería esixir para apreciar unha plena e correcta execución da proba.

Partindo do exposto, o Tribunal entende que as cualificacións emitidas ao aspirante reclamante, se de algo poden cualificarse, é de ter sido sobradamente ponderadas coas puntuacións emitidas habida conta as circunstancias expostas, dando por concluída a exposición da motivación que debe presidir tanto a resolución das súas alegacións como a emisión das puntuacións outorgadas.

En mérito ao razoado o órgano de selección, por unanimidade dose seus membros con dereito a voto, adopta o seguinte **ACORDO**:

1º.- DESESTIMAR, de acordo coa motivación transcrita nesta Acta, as alegacións presentadas polo aspirante Sr. Comesaña Rosende contra a corrección do segundo exercicio da oposición.

2º.- Dar publicidade deste acordo na páxina web municipal, a efecto de coñecemento dos interesados, xunto coa acta da sesión anterior e o cadro de puntuacións desagregadas do segundo exercicio (base xeral 8.4.5).

3º.- INFORMAR aos aspirantes que contra o presente acordo tan só cabe a interposición dos recursos administrativos ou xurisdicionais que expresamente figuran previstos nas bases xerais que rexen esta Convocatoria (Base xeral décimo sétima).

Handwritten signature

Handwritten signature

Handwritten signature

11/11

Handwritten signature

Handwritten signature



XIV ACTA

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVEER 1 PRAZA FUNCIONARIAL DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, POR QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014-2015-2016 CELEBRADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2019.

Sendo as 09,30 horas do día 03 de maio de 2019, reúnense os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias da Xefatura da Policía Local de Vigo, acadando o quórum suficiente de constitución (base xeral 8.4.1):

Asisten:

- D. Francisco Martínez Muñoz**, na condición de Presidente titular do Tribunal.
- D. José Bouzas Novas**, na condición de Vocal titular 1º.
- D. Francisco José Vila Campos**, na condición de Vocal titular 2º.
- D. Teodoro de la Peña Costas**, na condición de suplente do vocal titular 3º.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

A Secretaria da lectura á Base Específica 15 (segundo exercicio, parágrafo terceiro):

“ A puntuación final de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de ambas ás dúas probas, que se avaliarán de cero a dez puntos cada unha delas; será necesario acadar en cada unha un mínimo de 5 puntos para superar a oposición. Para ponderar esta puntuación en relación ao 60% da nota final que corresponde á fase da oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un dez, se lle outorgarían seis puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, que sería un dez, se lle outorgaría seis puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de xeito que ambas as puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo dez puntos, correspondendo nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso e do 60% a da oposición, como se di no primeiro parágrafo desta mesma base.”

Considerando as puntuación obtidas na fase de concurso e na fase de oposición polos aspirantes D.Enrique Toucedo Garrido e D. Jorge Enrique Comesaña Rosende, aplicando a Base 15ª das Específicas, obtemos as seguintes puntuacións finais:

- D.Enrique Toucedo Garrido: 6,60 puntos.**
- D. Jorge Enrique Comesaña Rosende: 6,25 puntos.**

Os membros do órgano de selección, por unanimidade, acordan:

PRIMEIRO.- Declarar aprobada a oposición para a praza convocada de Oficial de Policía Local de Vigo, de conformidade coa base Xeral 8.4.6ª e coas Bases específicas desta oposición, ao aspirante D. Enrique Toucedo Garrido, con DNI 76991302-K.

SEGUNDO.- Remitir o expediente tramitado ao servizo de Recursos Humanos ao obxecto de que proceda consonte ao previsto no epígrafe VII das Bases específicas e na base xeral décimo cuarta, previa comprobación das esixencias documentais ás que se refire a Base xeral décimo terceira.

E sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 11:30 horas, levantándose Acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sr. Presidente.